



CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

CONVOCATORIA DE APERTURA DA BOLSA DE EMPREGO PARA POSTOS DE PERSOAL DOS SERVIZOS VICULADOS ÁS PRAIAS

Por Resolución de alcaldía de 2 de xuño de 2022 aprobanse as bases que rexerán a a bolsa de emprego para cubrir posibles prazas para postos de persoal dos seguintes servizos vinculados ás praias:

- Socorristas
- Persoal auxiliar de información e primeiros auxilios.
- Conductor de lancha de salvamento
- Técnicos sanitarios
- Limpeza de baños e espazos públicos

Prazo de presentación de instancias: DEZ DÍAS NATURAIS (contan sábados, domingos e festivos) a contar dende o seguinte ó da publicación deste anuncio (de 9:30 a 14:30 horas, no Rexistro xeral do concello de Barreiros-Rua Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros), tamen poderán presentarse a través da sede electrónica municipal (barreiros.sedelectronica.es) e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.

Bases da bolsa: publicadas na páxina web do concello www.concellodebarreiros.gal e no Taboleiro de anuncios do concello (físico e sede electrónica).

Barreiros, 2 de xuño de 2022.- A alcaldesa, Ana Belen Ermida Igrexas.

R. 1497

Anuncio

CONVOCATORIA DE APERTURA DA BOLSA DE EMPREGO PARA POSTOS DE MONITOR DE TEMPO LIBRE

Por Resolución de alcaldía de 2 de xuño de 2022 aprobanse as bases que rexerán a a bolsa de emprego para cubrir posibles prazas para postos de Monitor de Tempo Libre.

Prazo de presentación de instancias: DEZ DÍAS NATURAIS (contan sábados, domingos e festivos) a contar dende o seguinte ó da publicación deste anuncio (de 9:30 a 14:30 horas, no Rexistro xeral do concello de Barreiros-Rua Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros), tamen poderán presentarse a través da sede electrónica municipal (barreiros.sedelectronica.es) e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.

Bases da bolsa: publicadas na páxina web do concello www.concellodebarreiros.gal e no Taboleiro de anuncios do concello (físico e sede electrónica).

Barreiros, 2 de xuño de 2022.- A alcaldesa, Ana Belen Ermida Igrexas.

R. 1498

CHANTADA

Anuncio

Elevada a definitiva a modificación da Ordenanza Fiscal do prezo público pola prestación do servizo nas instalacións de recreo municipal, piscinas e anexos publícase o texto integro seguinte:

"ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESCACIÓN DO SERVICIO NAS INSTALACIÓN S DE RECREO MUNICIPAL, PISCINAS E ANEXOS"

ARTIGO 1º. CONCEPTO E OBXECTO

De conformidade co previsto no artigo 12 7, en relación co artigo 41, ambos do Real decreto le xislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 33 1 da Lei 5/1 997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, este Concello establece os prezos públicos pola prestación de servizos nas instalacións de recreo municipal, piscinas e anexos.

ARTIGO 2º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO.

Están obrigados ó pagamento deste prezo público regulado nesta ordenanza quen se beneficie dos servizos prestados por este Concello a que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 3º. OBRIGACIÓN DE PAGAMENTO

Nacerá dende o momento que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade para a utilización das instalacións a que se refire a presente ordenanza.

ARTIGO 4º. COTAS

COTA MENSUAL	
1.- Cota de inscrición	17,40 €
2.- Abonado	
2.1.- Abonado individual mini (sópola maña de luns a venres)	21,90 €
2.2.- Abonado individual maxi (asistencia sen límite horario)	26,30 €
2.3 Abonado familiar	26,30 €
2.3.1 Parella + 5,10	31,40 €
2.3.2 Fillos ata 23 anos + 5,10 cada un	
2.3.3 Fillos menores de 3 anos gratis	
2.4 Abonado 3ª Idade (> 65 anos)	21,90 €
2.5 Abonado 3ª idade matrimonio (ambos > 65 anos)	26,30 €
2.6 Abonado mozo/a de 16 ata 30 anos	21,90 €
3 Abonado especial(non pagan cota inscrición)	
3.1 Abonado especial mini	24,50 €
3.2 Abonado especial maxi	30,00 €
3.3 Abonado especial familiar	30,00 €
3.3.1 Abonado especial familiar con parella + 5,60	35,60 €
3.3.2 Abonado especial familiar fillos de 3 a 23 anos + 5,60 cada ún	
3.4 Abonado especial 3ª idade	24,50 €
3.5 Abonado especial 3ª idade 2 membros	30,00 €
3.6 Abonado especial mozo/a de 16 ata 30 anos	24,50 €
4.- Entradas	
4.1 Entrada adulto (+ 16 anos)	4,50 €

4.2 Entrada infantil (de 3 a 16 anos)	2,50 €
4.3 Entrada biberob (- 3 anos)	Gratis
5.- Bono de 10 sesións	35,00 €
6.- Cursos de natación	
6.1.1 Cota inscrición para non abonados	10,00 €
6.1.2 Cota inscrición para non abonados cada irman + 8,00 €	
6.2.1 Abonado 1 día/semana	8,00 €
6.2.2 Abonado 2 días /semana	13,00 €
6.3.1 Non Abonado 1 día/semana	16,00 €
6.3.2 Non Abonado 2 días /semana	26,00 €
6.4. Bebés	
6.4.1 Abonado 1 día/semana	18,50 €
6.4.2 Abonado 2 días/semana	25,00 €
6.4.3 Non abonado 1 día/semana	25,00 €
6.4.4 Non abonado 2 días/semana	37,00 €
COTA TRIMESTRAL	
6.5 Grupos 1 día/semana cada persoa	27,00 €

ARTIGO 5º. NORMAS XERAIS

1. Os usuarios están obrigados a manter en perfecto estado os servimos e instalacións deportivas e seguir as instrucións do persoal encargado de ditas instalacións.

2. Non estarán suxeitas a esta taxa aquelas utilizacións da instalación que correspondan a competicións organizadas por iniciativa do Excmo. Concello ou patrocinados polo Concello, ou que así se recollan en convenios asin

ARTIGO 6º. BONIFICACIÓNS

Establecense as seguintes bonificacións:

I . Bonificacións a familias numerosas:

- Bonificación do 35% da cota, a favor dos suxeitos pasivos que formen parte dunha Familia Numerosa de Categoría Xeral.
- Bonificación do 40% da cota, a favor dos suxeitos pasivos que formen parte dunha Familia Numerosa de Categoría Especial.

Nestes casos deberá ser solicitada expresamente e a solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

2.1 Título oficial de recoñecemento da condición de familia numerosa outorgado pola Comunidade Autónoma.

2.2. Libro de familia debidamente compulsado.

Non se podrá aplicar simultaneamente máis dunha bonificación.

ARTIGO 7º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o referente a infraccións e sancions, será de aplicación a Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto nos artigos 183 e seguintes, e as disposicións que as desenrolen.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A presente Ordenanza fiscal, actualizaráse anualmente polo importe do IPC.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

A presente modificación da Ordenanza fiscal aprobada inicialmente na sesión do Pleno do 8 de abril de 2.022 entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Chantada, 1 de xuño de 2022.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1499

GUNTÍN*Anuncio*

En relación co proxecto de delimitación do solo do núcleo rural de Goia, parroquia de Santa Eulalia de Pradeda, no Concello de Guntín a Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo en data 21/04/2022 ditou a resolución que a continuación se transcribe literalmente:

“RESOLUCIÓN DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E PLANEAMENTO URBANÍSTICO DE GALICIA.

Con data do 21 de abril de 2022, a xefa do servizo Xurídico Administrativo emitiu o seguinte informe proposta de Resolución:

“Vista a documentación relativa ao proxecto de delimitación do solo do núcleo rural de Goia, parroquia de Santa Eulalia de Pradeda, no Concello de Guntín, e con fundamento nos seguintes:

ANTECEDENTES:

1º.- Por resolución da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data do 16 de novembro de 2020, prestouse aprobación definitiva do proxecto de Delimitación do solo do núcleo rural de Goia, parroquia de Santa Eulalia de Pradeda, no Concello de Guntín.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO.- A Disposición adicional primeira da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia establece que o Rexistro de Planeamento de Galicia, regulado na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e no capítulo X do título II do regulamento da dita lei, aprobado polo decreto 143/2016, do 22 de setembro, pasará a denominarse Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.

SEGUNDO.- O artigo 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia establece que os instrumentos de planeamento urbanístico, unha vez aprobados definitivamente, e publicado no Diario Oficial de Galicia o acordo correspondente, deberán inscribirse no rexistro que, para tal efecto, se constituirá na consellería competente en materia de urbanismo.

O Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante RLSG) contén nos seus artigos 208 e seguintes a regulación do Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

TERCEIRO.- Consonte co previsto no artigo 212.1 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, a consellería competente en materia de urbanismo inscribirá de oficio os instrumentos de planeamento urbanístico cuxa aprobación definitiva lle corresponda.

A inscrición dos instrumentos de planeamento no rexistro, incluídas as súas modificacións, deixará constancia da súa existencia, contido e datas de aprobación e será condición para a publicación da súa normativa no Boletín Oficial correspondente, de conformidade co establecido nos artigos 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 215 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

A inscrición no rexistro de planeamento urbanístico é un acto formal que goza de independencia respecto das facultades atribuídas pola lexislación de réxime local para proceder ao requirimento de anulación dos actos e acordos das corporacións locais.

CUARTO.- Corresponde á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o exercicio de todas as competencias relativas á xestión do Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, conforme co sinalado no artigo 208.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, e do artigo 13 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en relación co Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

En virtude do exposto, e de conformidade coa Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto, 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 42/2019, do 28 de marzo e o Decreto 110/2020, do 6 de setembro”.

De acordo coa proposta da xefa do servizo Xurídico Administrativo de data do 21 de abril de 2022, RESOLVO:

Ordenar a inscrición do proxecto de delimitación do solo do núcleo rural de Goia, parroquia de Santa Eulalia de Pradedá, no Concello de Guntín, no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, co número de rexistro ROTPG/P/37/2022, da Sección II, do Libro I, Tomo II, folla rexistral nº 8.

Contra a presente resolución, que lle pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación, sen prexuízo da formulación, no seu caso, de requirimento previo en igual prazo (artigos 44 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa).

Santiago de Compostela, data e sinatura dixital.

A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

M^a Encarnación Rivas Díaz”

Guntín, 2 de xuño de 2022.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 1500

LUGO

Anuncio

DECRETO

Ilma Sra. D^a Tareixa A. Ferreiro Tallón, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

Instruído expediente relativo a: aprobación bases XXI certame de Pintura Rápida ao Aire Libre Cidade de Lugo.

Visto o informe proposta do Xefe do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, de data 01/06/2022, obrante no expediente, na parte expositiva do cal se fai constar o seguinte:

" ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO XXII CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE CIDADE DE LUGO.

A Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, conforme ás competencias establecidas no art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, convoca anualmente o CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE CIDADE DE LUGO, de acordo coas súas bases reguladoras.

*Por dito motivo, para a celebración do certame de pintura rápida ao aire libre Cidade de Lugo, na súa XXII edición, en virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 28/452, de 17/07/2019 e Decreto núm. 2973/2021 do 16/04/2021 na súas actuais redaccións, **PROPONSE** para a súa aprobación pola tenente de alcaldesa titular da Área, mediante a correspondente resolución:*

PRIMEIRO.- Aprobación das bases reguladoras do XXII CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE CIDADE DE LUGO que deseguido se transcriben:

BASES:

O Concello de Lugo convoca o 22º Certame de Pintura Rápida ao Aire Libre "Cidade de Lugo" de acordo coas seguintes bases:

1ª.- Poderán participar neste certame todas e todos os artistas maiores de 18 anos que o desexen. Cada autora e/ou autor só poderá presentar unha obra, e non poderá asinala ata o momento no que se coñeza o ditame do xurado.

2ª.- O estilo e a técnica serán libres, e a súa temática xirará sobre a cidade de Lugo en toda a súa extensión. A execución será directa, diante do motivo ou do modelo natural.

*3ª.- As inscricións realizaranse no Departamento de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo o propio día do certame, no momento de selado dos portes, e serán gratúitas. O certame terá lugar o domingo, día **10 de xullo**.*

4ª.- Cada participante levará o material que poida necesitar e considere necesario para desenvolver o seu traballo, incluído (de ser posible) o seu cabalete onde se exporá a súa obra.

5ª.- O soporte presentarase o día do certame das 9.00 ás 11.00 h da mañá no Departamento de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo (praza Maior 1), para ser selado.

6ª.- O tempo para presentar as obras será entre as 16.00 e as 17.00 horas e realizarase no control establecido na praza Maior, onde se coñecerá o ditame do xurado ás 18.00 horas.

Farase exposición ao aire libre que se prolongará ata as 20.00 horas e nese momento os autores das obras non premiadas faranse cargo delas.

7ª.- Xurado: Estará integrado por 3 vogais con voz e voto, sendo presidido pola Ilma. Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua ou persoa en quen delegue e asistida por persoal do Servizo de Cultura en funcións de secretaría, ambos sen voz nin voto.

Os ou as vogais serán designados pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e o xurado estará composto por persoas de recoñecido prestixio e vinculadas coa ilustración, o deseño gráfico e/ou sectores relevantes do eido da cultura, o turismo e da propia celebración do Certame de Pintura Rápida, sendo nomeados con carácter previo á celebración do concurso.

8ª.- Criterios: O xurado pode declarar desertos os premios no caso de que, ao seu xuízo, non se acade unha calidade mínima nas propostas presentadas. A decisión do xurado será inapelable e axustarase, entre outros, aos seguintes criterios:

- Deseño e composición estética.
- Orixinalidade.
- Creatividade
- Calidade.

9ª.- As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Lugo, así como os dereitos de reprodución.

10ª.- O Concello poñerá o maior coidado na conservación das obras, pero non responderá da deterioración que poidan sufrir por causas alleas ou de forza maior.

11ª.- Os premios, que estarán suxeitos á retención fiscal establecida, serán:

1º.- 1.600 € e diploma

2º.- 1.100 € e diploma

3º.- 900 € e diploma

5 accésits de 300 € e diploma

Premio especial á ou ao artista local, nacida/o ou residente en Lugo (acreditado con copia do DNI), non compatible coa obtención dos outros premios.- 450 € e diploma

12ª.- Para calquera consulta sobre algún pormenor da actividade, por favor, póñanse en contacto co Departamento de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua nos teléfonos 982 297212/16/17, 982 297127, 982 297334, 982 297106 ou no correo-e cultura@lugo.gal

13ª.- Publicidade: Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web (<http://concellodelugo.gal>), e na Base de Datos Nacional de subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

14ª.- A participación neste certame implica a aceptación total destas bases.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 5.550,00 euros con cargo á partida presupostaria 33000.48101 RC: 9609/22.

TERCEIRO.- Dar publicidade das presentes bases no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web (<http://concellodelugo.gal>), e na Base de Datos Nacional de subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

CUARTO.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás dependencias e servizos municipais afectados, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos recursos correspondentes.

É canto procede informar."

Tendo en conta o informe da Tesoureira Municipal sobre existencia de consignación presupostaria na partida 33000.48101 RC: 9609/22, do vixente presuposto municipal, así como informe de fiscalización do servizo de Intervención núm. 2022/913 de data 31/05/2022 polo que procede a tramitación do expediente.

En uso das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e concordantes do Regulamento orgánico municipal do goberno, administración do Concello (ROMGA), atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 28/452, de 17/07/2019 e Decreto núm. 2973/2021 do 16/04/2021 nas súas actuais redaccións.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras polas que se rexerá o XXII certame de Pintura Rápida ao Aire Libre Cidade de Lugo, que serán ás seguintes:

O Concello de Lugo convoca o 22º Certame de Pintura Rápida ao Aire Libre "Cidade de Lugo" de acordo coas seguintes bases:

1ª.- Poderán participar neste certame todas e todos os artistas maiores de 18 anos que o desexen. Cada autora e/ou autor só poderá presentar unha obra, e non poderá asinala ata o momento no que se coñeza o ditame do xurado.

2ª.- O estilo e a técnica serán libres, e a súa temática xirará sobre a cidade de Lugo en toda a súa extensión. A execución será directa, diante do motivo ou do modelo natural.

3ª.- As inscricións realizaranse no Departamento de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo o propio día do certame, no momento de selado dos soportes, e serán gratuítas. O certame terá lugar o domingo, día **10 de xullo**.

4ª.- Cada participante levará o material que poida necesitar e considere necesario para desenvolver o seu traballo, incluído (de ser posible) o seu cabalete onde se exporá a súa obra.

5ª.- O soporte presentarase o día do certame das 9.00 ás 11.00 h da mañá no Departamento de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo (praza Maior 1), para ser selado.

6ª.- O tempo para presentar as obras será entre as 16.00 e as 17.00 horas e realizarase no control establecido na praza Maior, onde se coñecerá o ditame do xurado ás 18.00 horas.

Farase exposición ao aire libre que se prolongará ata as 20.00 horas e nese momento os autores das obras non premiadas faranse cargo delas.

7ª.- Xurado: Estará integrado por 3 vogais con voz e voto, sendo presidido pola Ilma. Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua ou persoa en quen delegue e asistida por persoal do Servizo de Cultura en funcións de secretaría, ambos sen voz nin voto.

Os ou as vogais serán designados pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e o xurado estará composto por persoas de recoñecido prestixio e vinculadas coa ilustración, o deseño gráfico e/ou sectores relevantes do eido da cultura, o turismo e da propia celebración do Certame de Pintura Rápida, sendo nomeados con carácter previo á celebración do concurso.

8ª.- Criterios: O xurado pode declarar desertos os premios no caso de que, ao seu xuízo, non se acade unha calidade mínima nas propostas presentadas. A decisión do xurado será inapelable e axustarase, entre outros, aos seguintes criterios:

- Deseño e composición estética.
- Orixinalidade.
- Creatividade
- Calidade.

9ª.- As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Lugo, así como os dereitos de reprodución.

10ª.- O Concello poñerá o maior coidado na conservación das obras, pero non responderá da deterioración que poidan sufrir por causas alleas ou de forza maior.

11ª.- Os premios, que estarán suxeitos á retención fiscal establecida, serán:

1º.- 1.600 € e diploma

2º.- 1.100 € e diploma

3º.- 900 € e diploma

5 accésits de 300 € e diploma

Premio especial á ou ao artista local, nacida/o ou residente en Lugo (acreditado con copia do DNI), non compatible coa obtención dos outros premios.- 450 € e diploma

12ª.- Para calquera consulta sobre algún pormenor da actividade, por favor, póñanse en contacto co Departamento de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua nos teléfonos 982 297212/16/17, 982 297127, 982 297334, 982 297106 ou no correo-e cultura@lugo.gal

13ª.- Publicidade: Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web (<http://concellodelugo.gal>), e na Base de Datos Nacional de subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

14ª.- A participación neste certame implica a aceptación total destas bases.

SEGUNDO.- aprobar o gasto de 5.550,00 € con cargo á partida orzamentaria 33000.48101 RC: 33719/21, do vixente orzamento municipal.

TERCEIRO.- Dar publicidade das presentes bases no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web (<http://concellodelugo.gal>), e na Base de Datos Nacional de subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

CUARTO.- A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, deberáselles notificar ós/ás interesados/as e contra ela pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldía / Xunta de Goberno (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, segundo a atribución delegada) e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

- No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Así mesmo, deáselles trasladados as dependencia e ós servizos municipais afectados.

Cúmprase.

R. 1501

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas MAIO 2022 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 30.05.2022 aprobouse o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente ao mes de maio 2022.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 06.06.2022 ata o 06.08.2022.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 1 de xuño de 2022.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1502

A PASTORIZA

Anuncio

CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA EXERCICIO 2022 DO CONCELLO DE PASTORIZA

Unha vez aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión de data 27 de maio de 2022, as bases específicas para a concesión de subvencións para a realización de actividades culturais, educativas, deportivas, de comercio e promoción turística, desenvolvemento rural e outras no Concello da Pastoriza para o ano 2022, faise pública o extracto da convocatoria así como a apertura do prazo de presentación de solicitudes:

Primeiro.-Obxecto.

Concesión de axudas económicas, en réxime de concorrencia competitiva, para promoción de actividades culturais, deportivas, educativas, comercio e promoción turística, desenvolvemento rural e outras realizadas no municipio da Pastoriza durante o presente exercicio 2022.

Segundo.-Beneficiarios.

Serán ser beneficiarios das subvencións previstas nas presentes bases as asociacións e outras persoas xurídico-privadas xuridicamente constituídas, así como, as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas que non tendo personalidade xurídica poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se topen na situación que motiva a subvención, e que cumpran as seguintes condicións:

1. Carecer de fins de lucro
2. Estar legalmente constituídas e domiciliadas ou ter a súa sede oficial, ou a súa base territorial no municipio da Pastoriza.
3. Ter debidamente xustificadas os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello da Pastoriza ou ter presentado xustificación razoada do motivo do incumprimento da obriga de xustificar
4. As entidades que teñan a personalidade xurídica de asociación ou fundación deberán figurar inscritas no correspondente rexistro público
5. Estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

No caso de agrupacións sen personalidade xurídica este requisito deberá ser cumprido por todos os seus integrantes.

6. Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición de percepción de subvencións públicas previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

No caso de agrupacións sen personalidade xurídica este requisito deberá ser cumprido por todos os seus integrantes.

7. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, ademais deberán nomear un representante con poderes bastantes para cumprir as obrigas que como beneficiario lle correspondan á agrupación

Terceiro.-Actividades subvencionables.

Serán actividades subvencionables, ao abeiro destas bases, aquelas levadas a cabo no período comprendido entre o 01 de xaneiro de 2022 ao 30 de novembro de 2022 dentro das seguintes áreas:

a) Cultura e música: realización de actividades de fomento e difusión da cultura e da música co fin de dinamizar e estimular a vida cultural no noso Concello como teatro, imaxe, danza, artes plásticas, festas tradicionais e folclore, espectáculos dos diversos estilos musicais, preferentemente da música tradicional, e programas de formación de práctica musical e/ou nalgunha das áreas anteriores.

b) Deportes: realización de actividades de fomento e promoción da práctica deportiva no termo municipal especialmente do deporte na infancia e xuventude e dos deportes tradicionais e autóctonos galegos, así como gastos derivados de participación en competicións oficiais.

Tamén poderán ser obxecto de subvención os eventos deportivos especiais, expedicións e rutas de montaña e outras actividades deportivas na natureza.

c) Educación: cursos, seminarios e outras actividades de formación e/ou actividades realizadas polos centros educativos e/ou AMPAS que sexan complementarias dos seus programas educativos.

d) Comercio e promoción do turismo: actividades de fomento e implantación do asociacionismo entre os comerciantes; actividades ou proxectos orientados á modernización, innovación e mellora da eficacia e eficiencia do comercio minorista, como cursos formación, fomento do uso das novas tecnoloxías da información e das comunicacións, deseño e implantación de tales sistemas; actividades de promoción do comercio, campañas específicas de publicidade e imaxe para o sector, feiras ou eventos similares.

En materia de turismo actividades de fomento e implantación do asociacionismo no sector; actividades turísticas cun marcado obxecto cultural e de promoción dos recursos turísticos do Concello tales como feiras e eventos gastronómicos, certames e eventos turísticos; actividades de turismo deportivo e rutas turísticas; creación de produtos turísticos; campañas de promoción específicas do sector (aloxamento, restauración, ocio) mediante organización de eventos, campañas publicitarias ou similares.

e) Desenvolvemento rural e sector agropecuario (dado o notorio interese socio-económico que o sector agropecuario ten no noso Concello): actividades que promovan, coordinen e manteñan o asociacionismo neste sector e participación dos veciños e cooperativas neste ámbito; actividades e programas encamiñados a mellorar a calidade de vida dos veciños, en aspectos relacionados coa agricultura, gandería e horticultura, actividades agroambientales e outras similares, e en definitiva, calquera actividade non produtiva que favoreza ao sector como: cursos de formación, feiras, exposicións e concursos agropecuarios, recuperación de tradicións agropecuarias etc..

f) Xuventude: actividades de fomento e implantación do asociacionismo e da participación do colectivo xove, e en xeral, actividades de carácter socio-educativo, formativo, de animación sociocultural, ocio e tempo libre dirixidas a xoves e/ou que sexan promovidas por asociacións xuvenís ou seccións xuvenís de calquera tipo de asociación.

g) Terceira idade: actividades de fomento e implantación do asociacionismo do colectivo que integra a terceira idade, e en xeral actividades ou eventos dirixidas ás persoas maiores e/ou levadas a cabo por asociacións de persoas maiores e/ou clubs de xubilados, e en xeral actividades que teñan carácter cultural, recreativo e de convivencia, encamiñadas a promover a integración e participación na vida comunitaria do dito colectivo favorecendo o seu mantemento no medio social habitual.

h) Medio ambiente: actividades medio ambientais dirixidas a fomentar a participación da cidadanía neste ámbito, e/ou as realizadas por entidades medio ambientais para contribuír a que acaden os obxectivos que lles son propios, en especial, a realización de proxectos de educación ambiental así como cursos e programas de sensibilización co medio ambiente.

i) Patrimonio Histórico-Cultural: actividades de investigación, promoción e difusión, defensa e conservación do patrimonio histórico cultura do Concello entendendo por tal o patrimonio arquitectónico, arqueolóxico, industrial, natural material e inmaterial, e actividades de fomento da participación da cidadanía neste tipo de actividades.

Subvencionaranse programas e actividades nas áreas anteriores, tales como, celebracións, homenaxes, exposicións, publicacións, concursos, certames, mostras, excursións, eventos culturais e musicais, eventos deportivos, encontros, conferencias, cursos de formación, estudos, competicións campionatos, e en xeral actividades dentro das áreas anteriores que promovan e divulguen valores educativos, culturais, deportivos, a defensa da natureza e medio ambiente , a defensa do patrimonio, o fomento da igualdade, e o fomento e divulgación dos recursos naturais, económicos, patrimoniais e turísticos do Concello.

Non serán obxecto de subvención as festas patronais das distintas parroquias ou romarías.

En ningún caso serán subvencionables os gastos investimentos tales como gastos derivados da adquisición de bens inmobles, vehículos, equipos informáticos, maquinaria e en xeral calquera outro ben que teñan a consideración de inversións.

Tampouco teñen a consideración de subvencionables os gastos de mantemento ordinario (teléfono, auga, luz gas etc.) nin os gastos derivados de manutención e aloxamento, comidas, bebidas, tabaco o similares, nin os gastos financeiros, notariais, de rexistro, periciais, multas, sancións, e recargas administrativos o penais, nin os tributos directos ao cargo dos beneficiarios.

Así mesmo tampouco poden ser obxecto de subvención aquelas actividades xa suxeitas a convenios de colaboración co Concello, nin aquelas que recibisen outro tipo de achega municipal.

Cuarto.- Bases reguladoras

As bases reguladoras da convocatoria poderán consultarse nas oficinas municipais, no taboleiro de anuncios da corporación na sede electrónica (<http://apastoriza.sedelectronica.gal/info.0>) e na web municipal (<http://www.concellodapastoriza.es>)

Quinto.- Solicitudes, prazos e documentación

As solicitudes se formularanse nos modelos oficiais que figuran como anexos da convocatoria e presentaranse no rexistro xeneral de entrada do Concello, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

De acordo co artigo 14.2 da lei 39/2015 de 01 de outubro do procedemento administrativo común, as persoas xurídicas, estarán obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos cas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo.

Polo que solicitude deberá presentarse vía electrónica a través da sede electrónica do Concello <https://apastoriza.sedelectronica.gal/info.0>

Cada asociación ou entidade só poderá presentar unha solicitude de subvención para un proxecto ou actividade. As solicitudes deberán presentarse no prazo de 30 días naturais a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo

Xunto ás solicitudes achegáranse os documentos previstos no artigo 5.3 das bases reguladoras.

Sexto.-Contías

A contía máxima das subvencións que conceda o Concello ao abeiro da presente convocatoria será a seguinte :

-actividades culturais: 600,00

-actividades deportivas: 600,00

-actividades educativas: 600,00

-actividades de comercio e promoción turística: 1.000,00

-actividades desenvolvemento rural e sector agropecuario: 600,00

-outras (xuventude, terceira idade, medioambiente, patrimonio histórico-cultural) :600,00

Tanto o crédito referido na base terceira , como a cantidade destinada a cada área teñen carácter limitativo e en caso de que as solicitudes superen as contías previstas acordarase o correspondente prorrateo.

Sétimo.- Xustificación

O prazo de xustificación rematará o **15 decembro de 2022**, debendo presentar a documentación xustificativa recollida no artigo 11 das bases reguladoras.

A Pastoriza, 1 de xuño de 2022.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 1503

POL

Anuncio

En cumprimento do disposto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, exponse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2021, por un prazo de quince días, durante os cales quen se estime interesado poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que consideren.

Pol, 2 de xuño de 2022.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 1504

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN PROVISIONAL

ORDENANZA FISCAL T7 TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión ordinaria celebrada o día 31/05/2022, acordou provisionalmente a modificación da ORDENANZA FISCAL T7 TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e procederase á súa publicación, xunto co texto íntegro da modificación da ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que esta teña lugar.

Ribadeo, 1 de xuño de 2022.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 1505

*Anuncio***APROBACIÓN PROVISIONAL****ORDENANZA P1 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RESIDENCIA NO HOSPITAL-ASILO DE SAN SEBASTIÁN E SAN LÁZARO DO CONCELLO DE RIBADEO**

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión celebrada o día 31/052022, acordou provisionalmente a modificación do artigo 4 da ORDENANZA P1 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RESIDENCIA NO HOSPITAL-ASILO DE SAN SEBASTIÁN E SAN LÁZARO DO CONCELLO DE RIBADEO, relativo á contía dos prezos a aboar.

En cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e procederase á súa publicación, xunto co texto íntegro da modificación da ordenanza no BOP, entrando en vixencia de acordo co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Ribadeo, 1 de xuño de 2022.- ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 1506

O SAVIÑAO*Anuncio***INICIO EXPEDIENTE INVESTIGACIÓN PATRIMONIAL RESPECTO DE DOUS CAMIÑOS QUE DISCURREN POLA ZONA DE ARXERIZ, O SAVIÑAO (Expediente 1046/2020).**

Considerando necesario proceder ao exercicio da acción investigadora respecto á titularidade de dous camiños que constan catastrados a nome do concello: camiño identificado coa referencia catastral 27058A162090060000UM (POLÍGONO 162 -PARCELA 9006 de O Saviñao) e camiño identificado coa referencia catastral 27058A162090090000UR (POLÍGONO 162 -PARCELA 9009 de O Saviñao), e de conformidade co establecido no artigo 49 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de Bens das Entidades locais, en sesión plenaria de data 27 de maio de 2022, acordouse incoar o expediente de investigación referido, publicar o acordo de iniciación no BOP da provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do concello, durante quince días. A súa vez, estará a disposición don interesados/as na sede electrónica do Concello de O Saviñao: <https://concellodosavinao.sedelectronica.gal>

Rematada a publicación dos anuncios, ao día seguinte abrírase trámite de audiencia e de información pública por prazo dun mes, para que as persoas afectadas polo expediente de investigación poidan comparecer e formular por escrito cantas alegacións estimen convenientes.

O presente anuncio servirá de notificación aos interesados, no caso de que non poda efectuarse a notificación persoal de outorgamento do trámite de audiencia.

O Saviñao, 2 de xuño de 2022.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 1507

TABOADA*Anuncio***CONVOCATORIA DE EMPREGO.**

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 01.06.2022 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 01.06.2022 aprobou as bases para seleccionar **1 OFICIAL DE PRIMEIRA DE OBRAS no marco do Plan Provincial Único da Excma. Deputación de Lugo PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2022.**

- Duración: 6 meses
- Xornada: completa
- Salario: a retribución mensual bruta será de 1.285,00 incluído o rateo das pagas extra.

- Funcións: propias de oficial de primeira de obras segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio BOP DE LUGO.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.concellotaboada.es
- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 2 de xuño de 2022.- O alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 1508

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO.

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 01.06.2022 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 01.06.2022 aprobou as bases para seleccionar **2 PEÓNS DE OBRAS no marco do Plan Provincial Único da Excm. Deputación de Lugo PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2022.**

- Duración: 6 meses
- Xornada: completa
- Salario: a retribución mensual bruta será de 1.166,67 incluído o rateo das pagas extra.
- Funcións: propias de peón de obras segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio BOP DE LUGO.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.concellotaboada.es
- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 2 de xuño de 2022.- O alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R.1509

MINISTERIO DE FACENDA

BASE SE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – LUGO

Anuncio

BASES REGULADORAS DO XXII CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE CIDADE DE LUGO.

BDNS(Identif.):631117

De acordocodisposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/631117>)

O Concello de Lugo convoca o 22º Certame de Pintura Rápida ao Aire Libre "Cidade de Lugo" de acordo coas seguintes bases:

1ª.- Poderán participar nestecertame todas e todos os artistas maiores de 18 anos que o desexen. Cada autora e/ou autor sópoderá presentar unha obra, e non poderásinala ata o momento no que se coñeza o ditame do xurado.

2ª.- O estilo e a técnica serán libres, e a súa temática xirará sobre a cidade de Lugo en toda a súa extensión. A execución será directa, diante do motivo ou do modelo natural.

3ª.- As inscricións realizaranse no Departamento de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo o propio día do certame, no momento de selado dos soportes, e serán gratuítas. O certame terá lugar o domingo, día 10 de xullo.

4ª.- Cada participante levará o material que poida necesitar e considere necesario para desenvolver o seu traballo, incluído (de ser posible) o seu cabalete onde se exporá a súa obra.

5ª.- O soporte presentarase o día do certame das 9.00 ás 11.00 h da mañá no Departamento de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo (praza Maior 1), para ser selado.

6ª.- O tempo para presentar as obras será entre as 16.00 e as 17.00 horas e realizarase no control establecido na praza Maior, onde se coñecerá o ditame do xurado ás 18.00 horas.

Farase exposición ao aire libre que se prolongará ata as 20.00 horas e nese momento os autores das obras non premiadas faranse cargo delas.

7ª.- Xurado: Estará integrado por 3 vogais con voz e voto, sendo presidido pola Ilma. Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua ou persoa en quen delegue e asistida por persoal do Servizo de Cultura en funcións de secretaría, ambos sen voz nin voto.

Os ou as vogais serán designados pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e o xurado estará composto por persoas de recoñecido prestixio e vinculadas coa ilustración, o deseño gráfico e/ou sectores relevantes do eido da cultura, o turismo e da propia celebración do Certame de Pintura Rápida, sendo nomeados con carácter previo á celebración do concurso.

8ª.- Criterios: O xurado pode declarar desiertos os premios no caso de que, a seu xuízo, non se acaden unha calidade mínima nas propostas presentadas. A decisión do xurado será inapelable e axustarase, entre outros, aos seguintes criterios:

- Deseño e composición estética.
- Orixinalidade.
- Creatividade
- Calidade.

9ª.- As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Lugo, así como os dereitos de reprodución.

10ª.- O Concello poñerá o maior coidado na conservación das obras, pero non responderá da deterioración que poidan sufrir por causas alleas ou de forza maior.

11ª.- Os premios, que estarán suxeitos á retención fiscal establecida, serán:

1º.- 1.600 € e diploma

2º.- 1.100 € e diploma

3º.- 900 € e diploma

5 accésits de 300 € e diploma

Premio especial á ou ao artista local, nado/a ou residente en Lugo (acreditado con copia do DNI), non compatible coa obtención dos outros premios.- 450 € e diploma

12ª.- Para calquera consulta sobre algún pormenor da actividade, por favor, póñanse en contacto co Departamento de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua nos teléfonos 982 297212/16/17, 982 297127, 982 297334, 982 297106 ou no correo-e cultura@lugo.gal

13ª.- Publicidade: Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web (<http://concellodelugo.gal>), e na Base de Datos Nacional de subvencións (BDNS) conforme a disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

14ª.- A participación neste certame implica a aceptación total destas bases.

Lugo, 2 de xuño de 2022.- A TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DE ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN.

R. 1511

BASE SE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – RIBADEO*Anuncio*

APERTURA DE PRAZO DE CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO TRABALLADOR PARTICIPANTE NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO RIBADEO PREPARA O TEU CAMIÑO

TextoOL: BDNS(Identif.):631152

De acordocodisposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/631152>)

Aprobadas por Resolución da Alcaldía- Presidencia en data 02/06/2022, as bases reguladoras de axudas a través de incentivos á contratación temporal por contaallea do alumnado traballador participante no obradoiro dual de empregoRibadeo Prepara o teuCamión para o que faise público un extracto das mesmas así como a apertura de prazo para presentación de solicitudes, coseguinteteor:

Finalidade e obxecto.-

1. O Concello de Ribadeo convoca a concesión subvencions en concorrencia non competitiva coa finalidade de incentivar á contratación por contaallea do alumandotraballador do Obradoiro Dual de emprego “ Prepara o teucamiño” e que ten por obxecto, incentivar á contratación é promover a inserción laboral das persoas participantes no mesmo, de acordocodisposto no artigo 15 da Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencions para os ObradoirosDuals de Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e financiado polaConsellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

2. A xestióndestasaxudasrealizarase de acordocoseguintes principios:

a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivosfixados.

c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

3. O obxectodesta convocatoria é incentivar ás empresas que contraten por contaalleaáspersoasdesempregadas que participen como alumnado no Obradoiro dual de Emprego “Ribadeo prepara o teuCamión” promovido polo Concello de Ribadeo e que teñan finalizado como acto. A contratación deberá ser no perfil laboral no ámbito das materias impartidas no obradoiro de emprego.

4. Estes incentivos á contratación temporal por contaallea quedan sometidos aoréxime de axuda de mínimos, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea áxaxudas de mínimos (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión.

Entidades beneficiarias.-

1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoasempregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidaxurídica. No caso de sociedades civís, comunidades de bens e uniónstemporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai a aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomearunhapersoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigacións que, como beneficiaria, correspóndanlle á agrupación. No suposto de uniónstemporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder áxaxudas.

2. Que contraten persoastraballadorasoutraballadores por contaallea para prestar servizos en centros de traballo radicado no ámbito territorial dos obradoirosduals de Emprego relacionados con ocupación oupostos de traballo vinculados á:

- Xestión de marketing e comunicación”“(COMM0112)

- Desenvolvemento de Produtosaudiovisuais multimedia interactivos”“(IMSV0209)

3. Para a contratación do alumandotraballador de ambas as dúas especialidades as entidades beneficiarias estarán obrigadas a proporcionar á persoastraballadora un traballo efectivo relacionado co perfil profesional do título da formación do certificado de profesionalidade, aínda que a súaactividade non estea directamente relacionada coa formación recibida.

4. Non poderán ser entidades beneficiarias destasaxudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas oudependentes de calquera delas.

a. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas neste programa as persoas ou entidades nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declaradas en concurso salvo que en este adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgun dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non estar a corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha ou trabada coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non estar a corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Ser sancionada, mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de licitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, mentres non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

b. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

c. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 3 e 4 anteriores para obter a condición de beneficiario realizarase mediante declaración responsable.

Contía e duración dos incentivos.-

1. O número máximo de contratos a subvencionar é de 20 contratos.

2. Os contratos incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500 € por cada traballador/a.

3. A contratación que se beneficie desta convocatoria terá que cumprir cunha duración mínima de alta en Seguridade Social de 3 meses, deberán reunir os requisitos establecidos nas presentes bases e terán que formalizarse con carácter xeral entre o 15 xullo. a o 30 de xullo de 2022.

4. A xornada da contratación será a tempo completo.

5. As entidades beneficiarias seleccionarán ao alumnado traballador obxecto de contratación en función do criterio da orde de entrada das súas solicitudes no rexistro xeral do Concello de Ribadeo.

Procedemento e Prazo.-

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao amparo desta convocatoria terán a consideración de subvención en concorrencia competitiva ata o esgotamento do crédito orzamentario.

2. O órgano responsable da concesión ou denegación será o Alcalde do Concello de Ribadeo, instruídas polo área de Desenvolvemento Local do Concello de Ribadeo.

3. A concesión ou denegación efectuarase por resolución motivada da Alcaldía.

4. O prazo para resolver e notificar a resolución será dun mes, que se computará dende a data de finalización do prazo de presentación das solicitudes. Transcorrido este prazo, se se dite resolución expresa, se entenderá desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de Subvencións de Galicia.

5. Publicada a resolución, as entidades propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación. Transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

6. Unha vez publicadas e notificadas as concesións, se lles trasladará por parte do concello ás persoas beneficiarias un listado coa alumnado apto susceptible de ser contratado. Serán as persoas beneficiarias as responsables de facer a

selección.

As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables deberán presentarse no rexistro xeral do Concello de Ribadeo na forma que determina o artigo 16.4 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común da Administracións Públicas, no prazo de 20 hábiles desde o día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo día da publicación, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo finaliza o último día de mes.

Solicitud da subvención .-

A que figura na base 7 . As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como anexo I e coa documentación enumerada no punto 3 da base 7.

Xustificación.-

Concedidas e notificadas as axudas, estas faranse efectivas nun pagamento único, rematado o período de contratación estipulado, unha vez se xustifique a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, condicionado á acreditación nun prazo máximo de 1 mes dende o remate da contratación subvencionada por parte da entidade ou empresa beneficiaria. O pagamento das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o mesmo no prazo anteriormente indicado, mediante a remisión da seguinte documentación:

Poderase consultar o texto íntegro das Bases Reguladoras nas dependencias municipais e na páxina web www.ribadeo.org e www.ribadeo.sedelectronica.gal

Ribadeo, 2 de xuño de 2022.- O alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 1510

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O. A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/35554

Asunto: Solicitud de concesión de aproveitamento de augas

Peticionario: Guillermo Cordero Arias

Nombre de la captación: Fonte dos Edramos (Campo de Salgueirín)

Caudal solicitado: 0,10 l/s

Punto de emplazamiento: Riosubil, parroquia de San Martín de Neira de Rei (San Pedro)

Término Municipal y Provincia: Baralla (Lugo)

Destino: Usos domésticos y ganaderos

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza en una fuente de afloramiento natural donde se construye un pozo de 1,5 m. de profundidad desde el que se conducen las aguas por tubería hasta los dos depósitos de los que se distribuyen hasta el establo y la vivienda a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de

Baralla, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 1512
